




CANTON

SUPLEMENTO DE **El Progreso**

Victorino Pérez, sacerdote e director de "Irimia"

"Os curas que non celebran os oficios en galego, ou son cegos ou queren manter un status"

P. IGLESIAS

Nas terras altas da Pastoriza —A Lagoa— xermola cada semana unha pequena revista —Irimia— que logo dun devanar largacío —xuntanza de colaboradores, impresión e distribución en Sobrado— vennos esperta-la fe en Xesús e o amor a Galicia cada domingo ou cada luns como moito.

—¿E qué fai un cura coma ti nun sitio coma éste?

—O que se supón que debe facer calquera cura: anuncia-la Boa Nova de Xesús que é liberación para os oprimidos, e que manifesta claras preferencias polos máis pobres e desfavorecidos, vivindo e compartindo a vida de cada día con tódolos meus fegreses na procura deses camiños de liberación. Porque, a pesar dos moitos ditos populares, non nos facemos curas para medrar nós, senón para que medre o Reino, que é Xusticia, Paz e Amor.

E mentres tanto poñer en orde algunha das cousas das que quixera falar con él, vai e abre un libro de tapas bermellas que había de riba da mesa, e empezou a ler coa seguranza dos convencidos: "a vista dos cegos..., a liberación dos asoballados...".

—Vaia, non tiña oído...

—E que ti pouco le-los Evanxelos.

—Pouco.

—Por outra banda, non podes esquecer que os curas debemos estar sempre dispostos a traballar alí onde dispoña o noso bispo, en lóxico diálogo con nós, tamén é certo. Polo demais, se eu estou aquí, é porque quero servir a esta xente labrega, pero tamén porque se necesitaba un cura nestas parroquias cando me ordenei sacerdote. De feito, nin tan siquiera tiña oído delas máis ca pola literatura.

En chegando aquí, a conversa virou por outros canles menos a propósito de que en verdade un pretendía.

—Cunqueiro moito escribiu de Loboso, ¿non si?

—E da Lagoa, e de Ubeda...

—E os buzarras de Alvariño ¿non terán que ver co Buzarrei da Corda?

—Terán, digo eu.

Un día —propuxen, por mor de volta-las augas ó meu rego— habemos de ir ó Fiuco, por Cadavedo, e desde alí, atravesando polo cimbro da serra, cara ó Cristo de Manuelciño, verás ben mellor as esencias do que Noriega deixou escrito: a musa queiroguenta e a flor marela do verde texto.

"QUE BEN PREDICOU O CURA"

—Mais agora dime ¿cómo se pode casa-la túa imaxe de cura

O seu director —mozo e barba de acibeché, con amplo sorriso de esperanza— Victorino Pérez Prieto, pensa que as neboiñas de San Xoán, que percorren A Corda de banda a banda, anunciando as portas da Terra Cha de longo ceo, deben se-la causa necesaria da seiva que a fai agromar, sen máis demora que a tardanza dos amigos en xuntárense ou a dun coche de liña que se perdeu para poder pillar un enlace de urxencia.

Hai no obradoiro deste cura —un cuarto inmenso da rectoral da Lagoa— unha morea de papeis espaxados con apuntes e debuxos, que teiman en ser artigo ou ilustración de páxina. Hai asemade unha biblioteca tan ben surtida —cama/biombo ó fondo— que un mesmo pensa na casa vella do arrabaldo, alugada polo intelectual de moda, con aires de modernidade sobrevoando o espacio.



Perez Prieto: "Toda lingua é válida para pregar ou loubar a Deus"

novo, un tanto heterodoxo, ademais, con certas formas da devoción, coa do típico cura rural galego ó que tan afeitas están as nosas xentes?

—Quizabes non case moi ben, pero as cousas foron cambiando moito nos últimos tempos. Os curas de agora xa non son coma os de antes, e o meu caso, a pesar

de chocar coa maneira de vivi-lo sacerdocio de moitos compañeiros, tampouco é un caso único. Eu teño pouco de "señor abade", pero a miña imaxe non debe ser

tan extraña cando a xente a acolleu con tanto agarimo, anque houbese, iso si, certas dificultades e roces inevitables. En canto á miña "heterodoxia con certas formas" das que ti falas, non hai tal, pois o que un pretende non é máis ca ir ás raíces cristiás e populares —verdadeiramente populares— da fe. ¿Cómo se pode chamar "popular" a unha devoción que fala con Deus en lingua allea?

—Pois si, a este respecto eu lembro unha chistada que che ocorreu a ti cun fegres dunha das túas parroquias. Estabas explicando o sentido do Noso Pai e respondeuche el: "Mais meu pai élle meu pai, señor cura..." ¿Qué valor sociolóxico podería te-la tal resposta?

—Un valor claro —coido— porque non é o mesmo "Padre nuestro" que "Pai noso". Unha persoa con mínimos coñecementos lingüísticos decatárase ensenar que para un galego o su significado semántico é moi diferente. A xente rezou moitos séculos o "Padre nuestro", pero non aprendeu a chamarlle a Deus "pai". E isto non se cambia da noite para a mañá. Os curas predicaron nunha lingua allea á xente; e a cotío a súa reacción ante estas prédicas era —no mellor dos casos— a daquel paisano que saía da misa comentando cun veciño: "¿Que ben pedricou o cura?". "¿E qué dixo?". "¿Ai!, entender non lle entendín nadiña, pero ¿que ben falaba!".

OS OFICIOS EN GALEGO

—Aquí a lingua xoga un papel distanciador...

—Efectivamente. E eu mesmo me atrevería a compara-lo caso co que en literatura fixeron algúns dramaturgos.

—Pero, ¿qué pensar entón dos que opinan que non celebran os oficios litúrxicos en galego porque a xente, segundo eles, non os entende, se, como sabemos, o Evanxelio representa o trunfo dun dialecto xudeu?

—Pois unha de dúas, sen ánimo de ofender a ningún: ou que son cegos, ou que, pola contra, teñen razóns de peso para querer manter un "status". Explicome: a lingua que mellor entende a xente é a súa lingua

IRIMIA

SEMANARIO DE CRENTE GALEGOS

Nº 141, 5 Agosto 1984



OS CATRO PRIMEIROS DA ACAMPADA

"Irimia". Unhos seiscentos lectores na provincia de Lugo. A dereita, o seu director

Viene de la página 17

materna e cotidia. Afirma-lo contrario sería querer facer comulgar a un con rodas de muíño. E a lingua do 80% da poboación galega é o galego, como tén recoñecido ata a mesma Xunta, que non é moi fogosa precisamente en reclamar o seu uso. Co Concilio Vaticano II as linguas vernáculas quedaron elevadas ó rango litúrxico, a lingua privativa da liturxia xa non será endexamais o latín, polo que toda lingua é válida para pregar e loubar a Deus. Agora ben, se moitos curas se empeñan en seguir utilizando de maneira exclusiva o castelán nas súas celebracións e actuacións públicas, está claro —penso eu— que non é porque non os entenda a xente, coa que, ademais, noutras circunstancias falan normalmente galego, senón que obedece a outras causas: ou ben por comodidade (a liturxia en galego tén aínda moi poucas traducións e esixe cambiar moitas claves de actuación), eu ben porque o castelán representa en Galicia (e sobre todo no campo), un necesario elemento distanciador de clase, que permite manter oñ toda claridade a diferenza cultural e social entre os que o usan e os que non. Esta segunda paréceme a razón máis seria. Por outra banda, isto está relacionado con un concepto diferente de Deus...

—Evidentemente ó longo dos case cento cincuenta números do semanario que ti dirixes albiscase a súa postura ideolóxica

verbo da Igrexa oficial galega, mais, ¿non cres necesario un proceso ós máis de cinco centos anos do seu arredamento da problemática esencial galega?

—Quizabes. De feito en *Irimia* (n.º 13, 24 xaneiro, 1982), publicamos un "Xuicio á Igrexa galega", onde o "fiscal" acusaba de "terse comportado como os poderosos deste mundo", de terse preocupado "máis que de servir... de ser servida e temida", de non falar galego e de "apoucar a xente no canto de darlle vida e espilila". Pero o "abogado", á súa vez, argumentaba que a Igrexa galega tivo os mesmos pecados do pobo. ¿Cántos buscan ser dos pobres como foi Xesús? ¿Cántos pais ensinaron ou ensinaron hoxe ós seus fillos a amalo galego? En fin, terminaba dicindo o "abogado" que para condena-lo pasado da Igrexa galega habería que condenar ó pobo galego. E de feito, anque a Igrexa galega oprimiu ó pobo en moitas ocasións, e despreciou a súa lingua, tamén é de xusticia recoñecer-lo moito que axudou ó ser de Galicia: meténdose entre a xente e dando consistencia á súa convivencia. ¿Qué sería de Galicia sen a organización parroquial? ¿Cántos curas non traballaron en unidos pobos para facer camiños, traídas de augas, electrificacións, cooperativas? ¿Cántos non serviron de mestres? E hoxe en día, ¿cánto non lle debe o galego como lingua ó esforzo de moitos curas? Aí están os moitos dos nosos literatos que pasaron polos Seminarios.

A REVISTA "IRIMIA"

—Iso sería non por ter pasado polos Seminarios, senón a pesar de...

—Tamén. Pero eu coido que nun proceso á Igrexa galega habería que responder coas palabras de Xesús á muller adúltera: "Eu non te condeno. Vaite e non peques máis". Procura non pecar máis, diría eu.

—Por certa deformación profesional un dálle moito mérito ó desenrolo de calquera feito cultural, pero ¿ata qué punto priva o elemento teórico-culturalista nunha publicación como *Irimia*?

—Para algúns é certo que somos *uns miñas xoiás* que perdémolo tempo pretendendo cambiar algo en Galicia simplemente cunha teima culturalista que non vai a ningures, pois a revolución, segundo eles, hai que facela por outro lado. Pero coidamos, en primeiro lugar, que unha verdadeira revolución tén que conlevar un cambio de valores, senón todo seguirá igual. Sen unha revolución cultural non se pode facer ningunha outra. Se non van cambiando modos e maneiras de pensar, as cousas nunca cambiarán realmente. Isto é algo que parece esquece-la esquerda neste país. Por outro lado, anque a teima galeguista é unha das máis importantes do equipo que facemos *Irimia*, non é a única. A máis importante é poñermos do lado dos débiles, axudar a esperar, a tomar conciencia e a medrar ó home do campo, da vila, e do mar. Que os homes do noso pobo poida replicar como

aquel labrego da portada do noso número cero: ¡Isto si é para nos!

—En realidade, ¿a cantos lectores cres que pode chegar *Irimia*?

—Temos unha tirada de case dous mil exemplares semanais (pouquiña cousa aínda), pero consideramos que *Irimia* lena polo menos unhas tres ou catro mil persoas espalladas por toda Galicia e en tódolos ámbitos.

—¿Tedes feito algún seguimento que vos permita establecer unhas bases de resposta por parte do público ó que vai dirixida?

—Por unha enquisa que fixemos entre os nosos lectores e mais polo seguimento que facemos a traveso dos nosos suscriptores, sabemos que a nosa revista tén unha difusión maioritaria no medio rural (un 60%). A maioría dos lectores están na provincia da Coruña (uns mil, aproximadamente); segue Lugo con 600, máis ou menos; en Pontevedra apenas chegan ós 300, e os nosos lectores de Ourense non chegan ós 100. Segundo as respostas á enquisa, a maioría da xente entende a revista, mesmo aqueles que non teñen estudos, cousa pouco corrente neste país onde sabes que se le tan pouco. E sobre todo, non atopan dificultades co galego escrito. Como se ve, a nosa realidade é aínda pobre, chegamos a moi pouca xente, tendo como temos pretensións populares. O noso mérito é poder poñer sobre da mesa a constancia ó longo destas cento cincuenta semanas que levamos

acudindo puntualmente á cita cos nosos lectores desde setembro de 1981. Mesmo o ano pasado tivemos que botar man do tractor para poder xuntámonos a mesa de redacción, coa fin de non fallar á nosa cita semanal, porque se facía imposible atravesar coa neve.

—Finalmente, ¿onde queredes chegar e con qué medios contades?

—Querer, querer, gustaríanos chegar a tódolos fogares galegos. Pero a curto prazo gustaríanos chegar a unha tirada entre cinco e dez mil exemplares. Tamén temos pensado amplialo formato e pouco a pouco ir ampliando o número de páxinas. O problema son os cartos, e os nosos medios económicos son ben cativos. Os organismos oficiais non fan caso de nós, así que *Irimia* vai indo adiante, gracias ó desinterés de quen a facemos e a algunha axuda dalgún amigo, pequenas por demais, porque os nosos amigos son pobres.

A pesar de todo, Victorino atende catro parroquias, A Lagoa, Loboso, Ubeda e Cadavedo, todas elas do concello da Pastoriza. Confesoume ser un utópico, un idealista, que gusta da música de Bob Dylan e do jazz da vella escola. Convencido de que algo está cambiando, anque sexa pouco a pouco, el tén a fe como motor da súa loita pola xusticia, o amor a Galicia e ós seus conveciños, anunciando a Boa Nova de Xesús, que é liberación para os oprimidos... a vista dos cegos...

